

Ricardo Carvalho Calero

LETRAS GALEGAS 2020




O escritor, filólogo e lingüista **Ricardo Carvalho Calero** naceu na cidade de Ferrol o 30 de outubro de 1910.

Foi membro do Seminario de Estudos Galegos, da Real Academia Galega, da Asociación Galega da Lingua... e o **primeiro catedrático de Lingua e Literatura Galega** na Universidade de Santiago de Compostela.

Do seu **traballo literario** cómpre destacar a súa extensa obra de poesía, novela, teatro así como no campo da crítica literaria e no da lingüística galega.

Carvalho Calero está considerado o ideólogo do **reintegracionismo** lingüístico galego, que defende que o noso idioma é unha variante da lingua portuguesa. Faleceu en Santiago de Compostela o 25 de marzo de 1990.



No **CPI Atios** quixemos renderlle unha merecida homenaxe a **D. Ricardo**. Desde o **EDLG** pedimos a colaboración dos **equipos docentes**, quenes deseñaron un abano de actividades ben diferentes para que o alumnado puidera participar desde as súas casas, debido ás circunstancias tan especiais que estamos a vivir coa presente pandemia.

A participación foi fantástica: o **primeiro ciclo** de EP representou o conto "As pitas baixo a choiva" e o **segundo ciclo** deseñouno en pictogramas; o alumnado de **5º e 6º** prepararon un cartel interactivo moi interesante sobre Carvalho Calero e o **alumnado de ESO** presentou diferentes producións, incluíndo o poema musicado "Enviareiche esta canción".

Na canle AtiosTV estarán publicados estes traballos e na presente ligazón, o cartel interactivo.

<https://view.genial.ly/5ecab818f3aac90d34a385ed/vertical-infographic-timeline-carvalho-calero>